

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2023/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	23 de febreiro de 2023
Duración	Desde as 20:31 ata as 22:17 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2022/9, ordinaria de 27 de outubro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sra. Castiñeira Alén: Na acta que imos aprobar, na páxina 10 onde aparece a miña intervención ao final de todo pon *“que tamén me gustaría que este convenio contemplase o que lle chamamos o método FES, facturar, esterilizar e soltar”* e *“CES que é capturar, esterilizar e soltar..”*

VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2022/9, ordinaria de 27 de outubro; sendo aprobada por ONCE votos a FAVOR dos Sres/as Tourón Domínguez, González Coto, Ledo Souto, Castiñeira Alén, Rodríguez Canosa, Pereira González, González González, Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, e Valcárcel Bernárdez e UNHA abstencións da Sra. Pérez Cabaleiro por non asistir á sesión.

Expediente 350/2023. Ratificación da Resolución núm. 2023-149 de aprobación de proxecto de obra "Ampliación de escenario e reforma de platea do auditorio municipal de Salceda de Caselas".

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcaldesa: O que traemos aquí e á ratificación do Decreto de aprobación de proxectos que houbo que facer para poder solicitar as subvencións por tema de prazo e o compromiso de traer e pasar polo pleno todos os proxectos.

Sr. Rodríguez Canosa: É unha ratificación da aprobación do proxecto, este é un proxecto que na súa base principal é a ampliación do escenario, todos sabemos que é unha obra necesaria, creo que todos acudimos ao auditorio en maior ou menor medida e todos vemos que hai certos eventos, sobre todo cando son os eventos



protagonizados pola Banda de Música Cultural de Salceda, que o escenario quédase pequeno e ademais tamén hai necesidades por outros colectivos e nas especificacións técnicas de iluminación. É un proxecto que está redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila, un arquitecto que xa realizou outras actuacións no auditorio municipal, polo tanto coñece a instalación e coñece o edificio. Entre as principais actuacións que se van a realizar están a ampliación do escenario, vamos a ampliar o escenario nun metro dende o punto máis ancho cara ao patio de butacas e o que vamos a facer e que o remate vai quedar recto, desta forma facilitaremos que se coloquen avances e ampliacións que así nos permitan aumentar consideradamente o tamaño do escenario no momento en que sexa preciso. Ademais se van a realizar diferentes retoques tanto no frontal do escenario, no son, como na superficie do mesmo. Umha das preocupacións que tiñamos era a perda de butacas e a perda da capacidade do auditorio que xa está xustiño e non queríamos perder máis capacidade, polo que se vai facer una actuación na planta baixa que é a recolocación das butacas, desta forma non perderemos aforo.

Outra das actuacións importantes é debido ao tipo de materiais e ao subministro que nos fai falta e que sube bastante o orzamento son as instalacións audiovisuais. Temos un trust que está colocado agora mesmo sobre patas telescópicas, que dificultan, por un lado a comodidade dos espectadores en determinadas butacas e por outro lado dificultan tamén a colocación de un avance en momentos puntuais, desta forma vaise eliminar, vaise colocar un trust motorizado e electrificado colgado do teito que permitirá que os técnicos e técnicas que veñen a traballar poidan realizar o seu traballo mas comodamente e ademais non será unha molestias para estas ampliacións. Despois vanse realizar pequenas actuacións para solucionar un problema de humidade que hai ou pequenos detalles como é o rebaixe da varanda que hai na primeira planta, que limita a visión da primeira fila de butacas.

O proxecto conta con un orzamento de execución de material de 48.000€ e un orzamento base de licitación de 70.260€ e o prazo de execución estimado no proxecto é de tres meses. A actuación é consensuada cos colectivos da Vila e sobre todo co colectivo que máis o necesita e que máis bota en falta ese escenario grande que é a Banda de Música Cultural de Salceda. Dende fai un tempo, déuselle moitas voltas e a verdade é que, son parte integrante da Banda e estou alí co directiva de banda en moitas ocasións e déuselle moitas voltas ao edificio en xeral si aumentar para un lado, si aumentar para outro, si subir unha nova platea, valoráronse moitas alternativas tanto do Arquitecto encargado do proxecto, Carlos Álvarez, como do Arquitecto municipal e ao final chegouse a conclusión de que o edificio non da máis de si. O edificio está enclavado aquí no centro da Vila e non hai forma de ampliar para o lateral, para atrás, para diante e é curioso porque lembro cando se estaba facendo o auditorio, porque xa daquela estaba na Banda de Música, e me acordo que o escenario ía ser aínda máis pequeno ata que un día o directo nos dixo, tede coidado, mirade o escenario porque ese escenario vaise quedar moi pequeno e co tempo foise quedando aínda máis pequeno. Temos que dicir que Salceda ten sorte pois contamos con un auditorio municipal que moitos concellos incluso moitos da



contorna non contan cunha instalación deste tipo.

Como ben dixen é unha actuación a curto prazo, unha actuación que nos vai a permitir mellorar a calidade desta instalación pero chega un punto en que é preciso pensar a longo prazo e penso que debe ser algo que debemos facer unidos toda a Corporación e empezar a traballar e comezar a pensar os traballos para que Salceda de Caselas poida contar con un novo auditorio acordo coas súas necesidades a medio e a longo prazo, tanto en capacidade de butacas e capacidade de aforo e tamaño e calidades do escenario, ademais con un auditorio novo que conte con salas anexas, que conte con diferentes instalacións e incluso se pode pensar en unha gran instalación cultural onde por exemplo situar tamén a actual escola de música, desta forma tamén liberaríamos un edificio como é a actual casa da música que se podería destinar a outras necesidades. De todos é sabido que para isto fai falta terreos e Salceda non conta hoxe en día cun PXOM pois dificulta enormemente este proceso de procura de terreos e onde situar o novo auditorio, unha pena que aquel proxecto non puidera ir adiante. Ademais ten que ser unha actuación que conte co financiamento de moitas administracións, un Concello como Salceda hai instalacións nas que non podemos chegar e un auditorio municipal acorde as nosas necesidades é un exemplo delas, polo tanto aquí debemos tamén traballar e esperemos que as administracións públicas, Deputación, Xunta e o Estado unha vez máis non nos dean as costas aos veciños e as veciñas de Salceda. Exemplos de distintos auditorios que se levan feito nos últimos meses en Galicia, o auditorio de Ribeira contou cun orzamento total de 4,5 millóns dos que a Xunta aportou dous millóns é medio, no Grove o novo auditorio que se inaugurou fai pouco contou cun orzamento de cinco millóns dos que a Deputación aportou dous. En definitiva, é unha actuación que resolve momentaneamente o problema pero si que temos que ter claro que en poucos anos Salceda vai necesitar un novo auditorio, un novo auditorio acorde as súas necesidades e penso que ese vai ser un gran obxectivo e un gran traballo a desenvolver e que intentarei desenvolver como Concelleiro de Cultura na vindeira lexislatura 2023-2027.

Incidencia: Sendo as 20:42 horas incorpórase á sesión a Concelleira Noelia Pérez Domínguez.

Sr. Rodríguez Davila: Estamos ante unha mellora no auditorio municipal e como xa temos manifestado e como por todos é sabido e por sorte, durante momentos puntuais ou en varios momentos durante o ano, non é suficiente, non chega e polo tanto por suposto que hai que plantexar a medio longo prazo unha solución. Nós demos unha fai uns meses e quero aquí tamén manifestar que quede claro que o que se vai a aprobar vai contar co apoio unánime desta Corporación, non vai resolver o problema definitivo de capacidade do auditorio aínda que aumentemos o escenario nun metro como así é a intención deste proxecto, cando vaíamos a facer actuacións como a que acabamos de desfrutar nos últimos días da nosa banda no concerto do entroido haberá que facer esa ampliación cunha plataforma para que se amplíe ese escenario. Por sorte o noso pobo cambiou moito nos últimos anos e as cousas



loxicamente mudan a veces para ben a veces para mal en todos os eidos, neste caso no tema cultural, no tema de poboación, etc...mellorou para ben e iso é a causa de moitos condicionantes, loxicamente non vou hoxe aquí a describir nin é o momento, como digo, non resolve finalmente a situación da capacidade do noso auditorio, si que é certo que melloramos o escenario, si que é certo que vamos a poder mellorar ao poder ampliar o escenario con esas plataformas ao quedar ese fronte do escenario en liña recta e non é curva como ata o de agora, vaise mellorar a distribución das butacas eliminando un dos pasillos existentes e polo tanto quedará un solo pasillo central, vaise mellorar eliminando ese trust que está agora mesmo apoiado no chan do auditorio, polo tanto se vai gañar en seguridade ao non tropezar contra o mesmo, tamén na capacidade de poñer e distribuír esas butacas non perdendo capacidade quedarán 181 butacas na planta baixa. Polo tanto, nós vamos a estar a favor de mellorar unha instalación municipal na que como digo, moito e bo uso se lle está dando e lle deu nos últimos anos. Como dicía Álex fai un momento, que temos a sorte de ter un auditorio seguramente non é o mellor do mundo pero naquel momento fai 20 anos atrás era todo un luxo, e seguramente con algúns defectos como todas as obras, pero tamén é certo e é verdade que moitos Concellos de moita máis envergadura en todos os aspectos non contan cun tipo de instalación como a nosa polo tanto, a pesar deses problemas que temos, a pesar desas melloras que lle vamos a facer, a pesar de que seguramente non foi o mellor auditorio posible é o que hai, é o que temos e é o que temos que seguir mellorando.

Como dixen, nós fixemos unha proposta fai uns meses do que creemos que necesita o noso Concello que é un edificio multiusos e multidisciplinar, pero é unha proposta como se fixo en outras ocasións, deberíase facer a través dun debate aberto e participativo e non dunha proposta cerrada dun goberno en concreto en temas tan importantes como é unha instalación deste envergadura. Podemos facer todos proposta e poñelas enriba da mesa e entre todos, no momento que toque, coa Corporación que toque, coas directivas deses colectivos de ese momento intentar buscar cada proposta de cada quen a mellor solución para todos, iso é o que ten que facer un goberno que sexa capaz de liderar a corporación e de liderar a todos os colectivos que desfrutan e que van a utilizar esa instalación e iso é o que nos comprometemos hoxe aquí neste pleno diante da corporación actual e tamén diante dos veciños que nos estean escoitando e para que quede recollido na acta deste pleno.

Non quero entrar no tema do Plan Xeral, señor Concelleiro de Cultura, tivo oportunidade vostede neste mandato, teñen maioría no pleno, dezaseis anos levan gobernando vostedes e de dezaseis anos, doce tiveron maioría absoluta no pleno e non foron quen de aprobar un plan xeral e agora ben aquí a lamentarse de que non temos un plan xeral, algunha responsabilidade terán os gobernos dos últimos dezaseis anos e concretamente dos doce anos que tiveron vostedes maioría absoluta no pleno para aprobalo. Está ben votar balóns fora pero a responsabilidade dos últimos dezaseis anos é de vostedes e dos partidos políticos que sustentaron ao goberno dos dezaseis anos últimos da Corporación Municipal, e por suposto que si,



claro que temos terreos, claro que hai proxecto e segurísimo que vamos a conseguir fondos pero para iso hai que ter terreos hai ter un proxecto e logo hai que ir as portas a petar pero non temos nin terreo, nin plan xeral nin proxecto, polo tanto non temos nada e iso é a culpa dos gobernos dos dezaseis últimos anos, non busque excusas onde non as hai, dezaseis anos de goberno, doce con maioría neste pleno e non aprobaron un plan xeral.

Sr. Coto González: Como ben acaba de explicar o Concelleiro de Cultura, isto é unha ratificación polo tanto o Partido Socialista vai votar a favor da reforma do auditorio.

Sr. Rodríguez Canosa: Como ben dixo o portavoz do PP e como dixen na miña primeira intervención, é unha obra puntual para resolver e mellorar dentro do que cabe o actual edificio, e xa dixen que debemos pensar a longo prazo e non puxen en dúbida que non vaia a haber financiamento, si que para outras cousas non o houbo, e claro que non hai proxecto por iso dixen que debería ser un dos grandes proxectos da vindeira lexislatura, como se levan feitos outras veces un proxecto consensuado, que conte co visto bo das distintas agrupacións e dos distintos colectivos culturais que empreguen esta instalación. En canto ao do PXOM soamente era unha puntualización non era o grande protagonista do debate, un dos factores que inflúen e que só lle dedique dez segundos dos oito minutos para que che parecera tal mal.

Sr. Rodríguez Davila: Non é que me parecera mal, Sr. Concelleiro, é a realidade, en canto ao que acabas de plantexar totalmente de acordo, pero o de consensuar teño que dicir aquí, unha vez máis, que nun tema destes eu creo que non está de máis que se faga partícipe a este grupo sendo o maioritario desta Corporación respecto de si podería aportar algo respecto desta obra, porque aquí non se nos da marxe de poder aportar nada, porque aquí se trae a ratificación de algo que se aprobou por Decreto. Qué problema hai, en temas que afectan a todos como é este, en compartir coa Corporación por si hai algo que aportar, creo que iso sería o razoable e o sensato e é o que está pasando en moitos Concellos con asuntos desta índole e non pasa nada, si despois non aceptades nada pois non pasa nada, pero polo menos darnos a oportunidade de poder aportar algo respecto de mellorar algo os proxectos que vaidades a traer das instalacións culturais ou deportivas do noso Concello, porque ao final son de todos e para todos, non é dun goberno exclusivo dun momento, é de todos e para todos, e creo que ao final iso melloraría incluso a relación todo en si para o ben común de todos os Salcedendes, que é o que nós representamos aquí. Xa o teño o dito máis veces, creo que é necesario, vostedes non o consideran que iso ten que se así pois non pasa nada, seguiremos intentando facer o mellor posible nas aportacións que poidamos e tamén apoiar aquilo que vemos sensato, isto é unha cousa sensata aínda que non participamos dela pero si nos sumamos a ela e polo tanto non temos ningún problema en apoiala como outras cuestións.

Sra. Alcaldesa: Creo que se nota que estamos en pre-campaña, creo que está ben vender grandes proxectos, creo que está ben dicirlle a veciñanza as cousas que xa coñece porque toda a veciñanza sabe que é necesario un auditorio, toda a veciñanza



sabe que é necesario un pavillón de deportes, toda a veciñanza sabe un montón de cousas que son necesarias porque o crecemento da poboación das últimas dúas décadas de Salceda nos leva, afortunadamente, a que teñamos eses bos datos e que teñamos esas necesidades e tamén é verdade que creo que todos os que estamos nesta Corporación temos que ser realistas e saber as posibilidades que ten o Concello de Salceda, e por suposto o Partido Socialista claro que vai a apoiar en todo momento esas necesidades de grandes proxectos como pode ser un auditorio ou un pavillón municipal, si ben é verdade que hai que ir atendendo as necesidades urxentes que é o que estamos facendo neste pleno con este proxecto. Todos o vimos, como dicía o compañeiro do Partido Popular, no último concerto que deu a Banda este entroido. É verdade que é unha necesidade sobre todo primordial para a Banda pero tamén para outras asociacións culturais que recuperaron a súa actividade despois da pandemia e que afortunadamente a boa nova é que hai actividade cultural, que hai actividade deportiva e hai dinamismo no noso pobo e hai crecemento e efectivamente hai que buscar solucións tamén non so a corto prazo senón tamén a longo como pode ser esas novas infraestruturas.

Non vou a entrar no tema do Plan Xeral máis que para dicir que como Concelleira de Urbanismo e como Alcaldesa estou a traballar niso, todo o mundo sabe que a cartografía esta en elaboración, a cartografía e a planimetría nova dende fai un ano, se presentará nas próximas semanas que está a piques de rematar con algunha mellora máis que vamos a dar conseguido facer e por suposto que o Plan Xeral igual que os outros proxectos grandes dos que estamos falando, deberíase falar con consenso de todo o mundo, en relación con ese consenso e esa participación para iso se creou nesta legislatura por primeira vez unha Concellería de Participación veciñal, se crearon os Consellos Veciñais, se crearon os Consellos Sectoriais, se tratou tanto o Consello de Cultura como o Consello de Deportes, o de Deportes ademais as necesidades cales son as máis inmediatas as de curto e as de longo prazo, si ben é verdade que o compañeiro do Partido do Popular pediu ter representación neses Consellos que se aprobou por regulamento e non a ten e como xa dixen trataremos de que se modifiquen ese regulamento para darlle cabida e darlle as asociacións como xa vimos facendo, creo que fai un par de meses que houbo un segundo Consello de Deportes no que se tratou, e petamos as portas e non solo eu como Alcaldesa, petamos as portas coas asociacións no caso como é no eido deportivo e a verdade non tivemos moita resposta. Por suposto que vamos a seguir traballando a curto, a medio e a longo prazo e hai que darlle cabida as necesidades. Dende logo o que creo que hai varios puntos nos que pode ser repetitivo este discurso do Plan Xeral eu o que quero aclarar, insisto, é que se está a traballar na cartografía e na planimetría as casas se empezan pola cimentación. A todos nos gustaría ir máis rápido a min a primeira, e unha vez teñamos esa cartografía esa planimetría, haberá participación veciñal para a colaboración do Plan Xeral que foi o que este partido dixo e así o manifestou co seu voto na oposición que sigue defendendo a día de hoxe. Dito isto creo que é necesario esta obra tal como explicou o Concelleiro de Cultur,a unha obra que ascende a 70.260€, é importante para o noso tecido cultural e importante apoialo, como dicía, a corto, medio e longo prazo e teremos que ir



avanzando como todo dixemos neste pleno cara a proxectos máis grandes para dar cabida as necesidades que ten Salceda a día de hoxe e mentres tanto hai que ir dando pasiños como este que traemos a ratificación que é aprobación do proxecto de obra de “Ampliación de escenario e reforma de platea do auditorio municipal de Salceda de Caselas”.

O decreto a rectificar é o seguinte:

“DECRETO

Advertido erro material por omisión na Resolución de Alcaldía núm. 2023-0109 de data 01.02.2023 polo que se solicita á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención de conformidade co disposto nas Bases Reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, para a execución do proxecto de obras de obras “Ampliación de escenario e reforma de platea do auditorio municipal de Salceda de Caselas”.

Visto que na sinalada Resolución omítese a aprobación do correspondente proxecto de obras en base ao cal se solicita a subvención, proxecto cuxa aprobación foi omitida na parte resolutiva pero que si consta detallado na parte expositiva da devandita Resolución núm. 2023-0109 nos seguintes termos:

“Entre as actuacións que considera necesarias este Concello encadrables na LIÑA 1 están as seguintes:

- **PROXECTO DE OBRAS “AMPLIACIÓN DE ESCENARIO E REFORMA DE PLATEA DO AUDITORIO MUNICIPAL DE SALCEDA DE CASELAS”.**
 - *Redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila, de data 30.01.2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a 70.260,17 (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 12.193,91€ e o presuposto sen IVE a 58.066,26€. Ascendendo os honorarios de redacción do proxecto a 9.075,00 (IVE incluído)”*

Visto que de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que determina “que as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, rectifícase o erro producido en referida publicación, de forma que onde dí:

De conformidade co anterior e no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,



RESOLVO:

Corrixir o erro material por omisión existente no Decreto de Alcaldía núm. 2023-0109 forma que **ONDE DÍ:**

“PRIMEIRO. Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención de conformidade co disposto nas Bases Reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, para a execución do proxecto de obras de OBRAS “AMPLIACIÓN DE ESCENARIO E REFORMA DE PLATEA DO AUDITORIO MUNICIPAL DE SALCEDA DE CASELAS”, redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila, de data 30.01.2023, cun orzamento de contrata de 70.260,17 (IVE do 21% incluído) e os honorarios de redacción do proxecto ascenden a cantidade de 9.075,00 (IVE incluído)

SEGUNDO. Respecto das actuacións sinalada na parte resolutiva deste Decreto, DECLARO:

- *Non solicitou ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.*
- *Comprometerme a comunicar inmediatamente cantas axudas se soliciten ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.*
- *Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- *Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.*
- *Comprometerse a cumprir coas obrigas de publicidade previstas no Anexo II das bases reguladoras.*
- *Que se acepta as bases da convocatoria, asumindo o compromiso de cumprir as condicións da subvención.*
- *Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.*
- *Que se compromete a realizar a actividade ou adoptar o compromiso que fundamenta a concesión da subvención, conforme o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

TERCEIRO. Dar conta do presente Decreto ao Pleno nos termos establecidos lealmente.”

DEBE DICIR:

“PRIMEIRO. Aprobar o proxecto DE OBRAS “AMPLIACIÓN DE ESCENARIO E REFORMA DE PLATEA DO AUDITORIO MUNICIPAL DE SALCEDA DE CASELAS” redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila, de data 30.01.2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a 70.260,17 (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a



12.193,91€ e o presuposto sen IVE a 58.066,26€ e ascendendo os honorarios de redacción do proxecto a 9.075,00 (IVE incluído). Deberá levarse a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

SEGUNDO. Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención de conformidade co disposto nas Bases Reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, para a execución do proxecto de obras de OBRAS "AMPLIACIÓN DE ESCENARIO E REFORMA DE PLATEA DO AUDITORIO MUNICIPAL DE SALCEDA DE CASELAS", redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila, de data 30.01.2023, cun orzamento de contrata de 70.260,17 (IVE do 21% incluído) e os honorarios de redacción do proxecto ascenden a cantidade de 9.075,00 (IVE incluído)

TERCEIRO. Respecto das actuacións sinalada na parte resolutiva deste Decreto, DECLARO:

- *Non solicitou ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.*
- *Comprometerme a comunicar inmediatamente cantas axudas se soliciten ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.*
- *Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- *Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.*
- *Comprometerse a cumprir coas obrigas de publicidade previstas no Anexo II das bases reguladoras.*
- *Que se acepta as bases da convocatoria, asumindo o compromiso de cumprir as condicións da subvención.*
- *Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.*
- *Que se compromete a realizar a actividade ou adoptar o compromiso que fundamenta a concesión da subvención, conforme o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

CUARTO. Dar conta do presente Decreto ao Pleno nos termos establecidos lealmente."

VOTACIÓN: Sometida a votación a ratificación a Resolución núm. 2023-149 de aprobación de proxecto de obra "Ampliación de escenario e reforma de platea do auditorio municipal de Salceda de Caselas", esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos TRECE membros presentes nesta sesión.



Expediente 351/2023. Ratificación da Resolución núm. 2023-0076 de aprobación de proxecto de obra de mellora e pavimento do camiño da Pedra e dos camiños interiores do parque de A Gándara

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sr. González González: Este proxecto que traemos para ratificar, que xa foi aprobado por Decreto de Alcaldía e que consta de dúas obras, a primeira é a mellora e a posta en valor dun camiño histórico que discorre dende o Barrio da Pedra ata a parte de atrás da praza de abastos, comunica o Barrio da Pedra co centro da Vila e quedou en desuso por que ao abrir as pistas novas da rotonda de correos e a Pedra, a do Campo da Gándara, a da parte de abaixo da praza, este camiño quedou en desuso e foise deteriorando, foise recheando duns materiais de escombros e arrastrando producindo restos de materiais cara a estrada da praza de abastos. A decisión de melloralo partiu da petición do vecindario do barrio da Pedra, porque é unha xente que acostuma a vir a pe ao centro da Vila e dende a Concelleira de mobilidade non podemos facer outra cousa que poñernos mans á obra e facer unha actuación de mantemento, unha actuación peonil con acceso para vehículos lixeiros de agricultura de acceso as fincas. As fincas que hai, que como sabedes non están cultivadas ningunha pero o acceso vaise deixar evidentemente igual, pero co enfoque sempre de vía peonil. Este camiño ten dous tramos, o primeiro que discorre dende a parte de arriba do campo de fútbol ata a estrada que vai á rotonda de correos e o segundo tramo dende aí ata a parta de baixa detrás da praza. O tratamento vai ser a recollida de auga que agora discorre libremente pola estrada abaixo, vaise levar ao regueiro que pasa pola estrada que vai ao antigo taller de pedra Altamira, estrada que acondicionamos hai pouco co Plan Marco, por cuneta aberta por tubería e todo o camiño cara arriba vai levar unha tubería central con sumideiros con rexistros invernales para a recollida de augas durante todo o traxecto, co cal a sección do camiño vai a ser cunha forma de “V” para a recollida central de augas. O tratamento do pavimento, evidentemente nunha actuación deste tipo non imos meter asfalto, imos meter só cemento, unha mixtura que ven feita de planta e cun acabado máis adaptado ao peonil, aínda que permite o tráfico de vehículos lixeiros.

Como antes Santi sacou o tema do Plan Xeral, dicir que está obra hoxe non sería necesaria porque como sabedes por aí no Plan Xeral estaba previsto un vteiro de 20 metros de ancho que viña dende o Campo da Gándara dando a volta toda pola Escola da música cara a antiga Cámara Agraria e terminaría na Lagüela, o que era a circunvalación de Salceda, esta actuación estaba contemplada no Plan Xeral que nós trouxemos aquí a aprobación en marzo de 2016, quen a botastes a baixo fostes vos non fomos nós, vos votastes en contra da aprobación inicial do Plan Xeral, non fomos nós quen votou en contra como insinuou Santi, que non fomos capaces de traer un Plan Xeral, un Plan Xeral trouxose o que non tiñamos nós eran os votos suficientes para aprobalo e vos botástelo abaixo, por aí ía discorrer ese vteiro de 20 metros de ancho, que daba acceso a todos os camiños que veñen a comunicar coa



Vila e daba acceso aos barrios da parte de ala de Salceda, Feira e Barreiro.

Este proxecto vaise completar con outra obra que é o acondicionamento dos camiños do Parque da Gándara, o Parque da Gándara que no seu momento tivo un deseño bastante innovador, foi unha obra que quedou moi ben, hoxe creo que é o mellora parque que hai en Salceda con diferenza polo arbolado, polo céspede, pola sombra que ten e sobre todo para o verano é un parque excelente. Os camiños están moi deteriorados, están executados en terra e un pouquiño de xabre, fan lama, os pisos están levantados de raíces, o sistema que había de recollida de auga que funcionarían no seu principio pero está todo deformado e os adoquins que fan de beira que separa os camiños do céspede tamén están descolocados, todos levantados, a solución que vamos a por é a mesma que a anterior, meter un piso máis duradeiro con só cemento, tamén traído de fábrica e colocado alí e recolocaremos os adoquíns, levantaremos as raíces que estorben e quitaremos as pedra que había de recollida de augas e crearemos unha nova recollida na parte de abaixo, contra a entrada da piscina para sacala ao camiño que vai para Entenza.

Sr. Rodríguez Davila: Neste proxecto meten vostedes dúas cousas que nada teñen que ver, por un lado estamos a falar dun camiño que está chamado a ser, como ben se dixo, circunvalación, rúa, estrada de saída ou entrada que vostedes perden unha oportunidade para facer iso e por outro lado, estamos a falar dos camiños internos dun parque público de uso exclusivo peonil e polo tanto mesturamos aquí allos con cebolas e polo tanto nada ten que ver un camiño cun parque público de uso exclusivo de persoas e polo tanto, nunha única votación hai que posicionarse votar a favor, en contra ou a abstención destas dúas cuestións ben diferentes.

En canto ao camiño da Pedra, que une a prolongación do campo de fútbol cara ao propio barrio da Pedra, que comunica por detrás da praza de abastos non se amplía o ancho do camiño existente e polo tanto creemos que é unha oportunidade perdida, é de uso practicamente peonil, aínda que si poden acceder vehículos agrícolas para as fincas dos veciños que alí están nese entorno, pérdese unha oportunidade, como dixen, de abrir o casco urbano, de darlle fluidez e alternativas ao tráfico e a ordenación do mesmo e vostedes unha vez máis, van ao fácil, ao cómodo e o de mellorar o que xa está feito, o que está en mal estado, como é o caso, e polo tanto non hai un proxecto novo de ensanche de mellora do tráfico, de circulación de buscar unha alternativa peonil e viaria de circulación, buscar realmente o que necesita o noso casco urbano e o noso pobo. Vostedes simplemente, coma no carreiro da rúa Rollo, van investir o diñeiro público en algo que como vostede recoñece, estaba no seu Plan Xeral, pero que tamén está nas Normas Subsidiarias, non se esqueza polo tanto non é unha novidade, iso xa se contemplou, que dende aí ten que partir unha estrada, unha rúa, unha circunvalación ou como lle queiramos chamar e vostedes o que van facer é investir diñeiro público en algo que pode quedar moi ben, que non estamos dicindo o contrario, pero que non é unha solución que necesita para os veciños de esa zona, para a xente que camiña, para os que utilizan os vehículos para darlle saídas e alternativas ás vivendas e aos barrios do entorno do casco urbano, polo tanto vostedes van ao fácil, ao cómodo e ao inmediato, pero non pensan



vostedes en dez ou en vinte anos adiante, vostedes pensan en mellorar a corto prazo e intentar quedar como os que están mellorando o noso pobo.

O noso voto vai ser a abstención, porque nós non podemos apoiar algo que non soluciona por un lado o que acabo de mencionar e por outro, que como digo no mesmo proxecto someten a votacións dúas cuestións ben diferentes, polo tanto dicir que o noso voto é a abstención porque unha cousa é un camiño que perfectamente está chamado a ser unha estrada, circunvalación ou de saída ou entrada do noso pobo e vostedes non contemplan esa posibilidade e por outra, que son os camiños internos dun parque público de uso exclusivo de persoas polo tanto o noso Grupo vaise a abster nestas melloras que acabo de manifestar.

Sr. González Coto: Isto é outra ratificación doutro proxecto que leva o equipo de goberno que xa explicou o compañeiro Miguel e o noso voto vai ser a favor para a mellora destes camiños.

Sr. González González: As dúas obras teñen moito que ver, teñen o mesmo tratamento, o mesmo pavimento e non é a mesma función exactamente. Evidentemente as obras do interior do parque non son un camiño peonil pero teñen moito que ver coa mobilidade dos barrios que hai ao arredor do entorno do casco urbano e incluso para o esparcemento das persoas de por aquí que queiran dar un pequeno paseo por aqueles camiños, para min é un proxecto perfectamente encaixable as dúas obras no mesmo proxecto e que digas que xa estaban contemplados nas Normas Subsidiarias, as Normas Subsidiarias non hai por onde collelas, están feitas dunha maneira moi chapuceira, desubicados os camiños incluso, hai camiños que non están nin no sitio e por tanto non me compares iso co que había planeado no Plan Xeral, que insisto, que vos votastes en contra, non ten absolutamente nada que ver, unha cousa son unhas Normas Subsidiarias feitas con un rotulador é outra cousas é o que nós trouxemos en marzo de 2016 totalmente distinto.

Sr. Rodríguez Davila: Non me meto na cuestión da terminación da obra o que estou dicindo é que non ten nada que ver un camiño que está chamado a ser unha estrada-circunvalación ou rúa a futuro e outra cousa é un parque público de único e exclusivamente de uso peonil de persoas, polo tanto non ten nada que ver unha cousa con outra. Porqué este diñeiro non o empregaron en facer un proxecto para esa estrada dende o Campo de Fútbol ata detrás da Praza de Abastos e facer un vieiro de x metros ancho, que contemple tamén unha senda peonil etc...? Non busco excusas, estou planteando o que nós faríamos, vostedes fan o que consideran non pasa nada, estamos en democracia e debatemos, vostedes votan a favor e nos abstémonos non hai ningún problema. Estou planteando porqué vostedes non utilizan eses 40.000€ en facer un proxecto que realmente solucione o problema que temos e é compatible co uso peonil co uso do tráfico, buscar unha solución definitiva. Porqué gastamos diñeiro público en algo que sabemos que ao futuro iso ao igual que na rúa Rollo ao final hai que modificarse, porqué non pensamos a dez, vinte anos



adiante? Nos vamos ao curto prazo, ao fácil, a gastar xa e poñelo bonito, pois non así non, insisto o que estaba no Plan Xeral, está nas Normas Subsidiarias, a idea outra cousa é que efectivamente cos medios do ano 1997 non son comparables cos do ano 2020, faltaría, pero que a idea de esa circunvalación sabedes perfectamente que dende o ano 97 está contemplada, dende o ano 1997 e polo tanto non é algo novo e seguramente, no plan que se aprobe no futuro vai ser moito mellor o plantexamento, por suposto que a do ano 1997 e por suposto que a se trouxo no ano 2016 seguro.

O do Plan Xeral xa o levamos falado e debatido e unha vez máis hoxe falouse del, claro, dezaseis anos de maioría no pleno, non aprobaron un Plan Xeral polo tanto non boten a culpa a quen non tivo a potestade de traer un Plan Xeral, nin de aceptar unha sola proposta nin a nós, nin a ningún colectivo, era un Plan único e exclusivamente de Movemento Salceda non dos veciños, non da Corporación e non de ninguén que tivo a ben presentar alegacións para mellorar o Plan Xeral, así señor Miguel, señores de Movemento Salceda non se constrúe un pobo, así no, hai que consensuar, debater e acordar.

Sra. Alcaldesa: Falando de esas necesidade e de investir o diñeiro público, no que realmente se necesita e falando de Plan Xeral e que se repite o Plan Xeral por iso se elabora unha cartografía, porque a liña en bolígrafo é do 1997 e a actualidade real do 2023 son totalmente diferentes, e por iso hai que facer unha cartografía e unha planimetría totalmente actualizada para comezar o Plan Xeral pola cimentación, insisto, e o digo porque ao final se repite sempre a mesma idea de non está. Por certo, a cartografía por algún comentario que escoitei polo baixo, a cartografía non se empezou a traballar no 2023, a cartografía se empezou a traballar fai case un ano e se empezou a traballar con seriedade e está a piques de presentarse. Vamos a conseguir poder facer coa reinversión desa licitación algún complemento máis que nos fai falta e por alí é por onde se debe empezar.

En canto á obra que nos trae hoxe aquí, este pavimento do Camiño da Pedra e os carreiros que están no interior do Parque da Gándara, dicir que volvemos un pouco ao mesmo, hai proxectos a curto prazo, a medio prazo e a longo prazo e mentres tanto a veciñanza hai que darlle solucións e hai que darlle melloras, porque por eses camiños se pasa e entón é necesario realizar esas melloras e atender a veciñanza co cal eu creo que esta obra tamén é necesaria, que se podería haber investido o diñeiro en moitas outras cousas sempre, sempre estamos co mesmo debate, pero o importe das subvencións, o importe do Plan Concellos, por exemplo, que é no que entran estas tres primeiras obras que traemos a ratificar hoxe aquí, ten un límite, ten un límite e temos que acomodarnos ao límite que temos. Todos queríamos probablemente ser moito máis ambiciosos en todos os proxectos que traemos pero creo que tamén, volvo a insistir porque creo que é importe, ser realistas. Dou lectura ao Decreto Resolución núm. 2023-0076, seguinte:

“DECRETO



En data de 27 de novembro de 2021 publicáronse no BOP de Pontevedra as BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023. Estas bases e a convocatoria teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se concedan con cargo a este Plan de carácter bienal. As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nestas bases e terán que ser de competencia municipal.(BOPPO Núm. 23 sábado, 27 de novembro de 2021)

Os concellos poden libremente determinar a elección dos investimentos e actuacións subvencionables que desexen realizar, destinándose as axudas e subvencións ás seguintes liñas:

-Liña 1. Investimentos.

-Liña 2. Amortización, de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos e contratos de consultaría, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos...

-Liña 3. Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais

Entre as actuacións que considera necesarias este Concello encadrables na LIÑA 1 están as seguintes:

- *PROXECTO DE OBRAS MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DA PEDRA E DOS CAMIÑOS INTERIORES DO PARQUE DA GÁNDARA”.*
 - *Redactado polo enxeñeiro de camiños canais e portos Javier Carballo Nuñez, de data 16.12.2022, ascendendo o total do orzamento de contrata a 42.062,61€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 7.300,12€ e o presuposto sen IVE a 34.762,49€.*

Visto o informe técnico núm. 2023-0015 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística, así como tamén visto o informe de Secretaría núm. 2023-0002 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos esixidos pola Lei e polo Real Decreto 1098/2001, de 21 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Visto que non cómpre ningunha achega municipal para desenvolver as actuacións incluídas na LIÑA 1.

De conformidade co anterior e no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,



RESOLVO:

PRIMIEIRO. Aprobar o proxecto de obras para *MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DA PEDRA E DOS CAMIÑOS INTERIORES DO PARQUE DA GÁNDARA*, redactado polo enxeñeiro de camiños canais e portos Javier Carballo Nuñez, de data 16.12.2022, ascendendo o total do orzamento de contrata a 42.062,61€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 7.300,12€ e o presuposto sen IVE a 34.762,49€. Deberá levarse a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

SEGUNDO. Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención de conformidade co disposto nas Bases Reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, para a execución do proxecto de obras de *"MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DA PEDRA E DOS CAMIÑOS INTERIORES DO PARQUE DA GÁNDARA"* cun orzamento de contrata a 42.062,61€ (IVE do 21 € incluído).

TERCEIRO. Respecto das actuacións sinalada na parte resolutiva deste Decreto, **DECLARO:**

- Non solicitou ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Comprometerme a comunicar inmediatamente cantas axudas se soliciten ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.
- Comprometerse a cumprir coas obrigas de publicidade previstas no Anexo II das bases reguladoras.
- Que se acepta as bases da convocatoria, asumindo o compromiso de cumprir as condicións da subvención.
- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Que se compromete a realizar a actividade ou adoptar o compromiso que fundamenta a concesión da subvención, conforme o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CUARTO: Dar conta do presente Decreto ao Pleno nos termos establecidos lealmente."

VOTACIÓN: Sometida a votación a ratificación da Resolución núm. 2023-0076 de aprobación de proxecto de obra de mellora e pavimento do camiño da Pedra e dos



camiños interiores do parque de A Gándara”, esta resulta aprobada por SETE VOTOS A FAVOR (4 MS) (3 PSOE) e SEIS ABSTENCIÓNS do PP.

Expediente 352/2023. Ratificación da Resolución núm. 2023-0075 de aprobación de proxecto de obras para a renovación e reforzo do valado das pistas polideportivas municipais exteriores

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. González Coto: As obras desta memoria son de mantemento e conservación do peche do valado das pistas polideportivas que temos detrás do Pavillón Municipal e ao lado do Colexio Altamira, debido ao estado actual de deterioro que ten ese valado de peche e analizando a zona os traballos que imos a realizar sobre esta constitúense en tres partes. Na parte frontal e no fondo, o que se vai a facer e retirar a parte inferior da maia de simple torsión que temos e colocar uns paneis de reforzo con dimensión de tres metros por un, formadas por un bastidor perimetral e unha malla electrosoldada que van fixados aos postes metálicos que xa tiña o propio peche. Despois, nos laterais das pistas vanse retirar as vallas simples de torsión para renovalas por outras novas que levan cinco arames tensados para darlle máis robustez e tamén van fixadas a un perfil inferior metálico que lle da maior rixidez tamén. Por último, a reparación das portas dobres que temos existentes para o acceso as pistas que se vai soldar un perfil metálico de reforzo e substituiranse elementos de fixación e accesorios que están bastante deteriorados.

O orzamento total de contrata é de 22.986,13 €, IVE incluído, ascendendo o IVE a 3.989,33€ e ascendendo o presuposto sen IVE a 18.996,80 €. A aprobación deste proxecto xunto cos que xa levamos pedidos e levamos tamén solicitados ultimamente, como é a reparación da cuberta do pavillón ou substitución de elementos, tamén equipamentos deportivos que vamos a colocar tanto no céspede artificial para a pista de padel e a colocación dun pavimento de caucho na zona da calistenia que está toda nesa instalación deportiva o que fai é mellorar que ditas instalación para que moitas persoas do noso pobo poidan coller, facilitar e usar e mellorar, por suposto, calquera disciplina deportiva que alí podemos levar a cabo dentro de Salceda.

Sr. Rodríguez Davila: Como xa temos manifestado en varias ocasións as veces, loxicamente, as cousas hai que intentar facelas o mellor posible, estou convencido de que así é, por parte de todos os gobernos de acertar, pero fai non moitos anos se fixeron esas pistas e agora estamos aquí outra vez investindo nelas. É certo que hai moito uso, é certo que hai moitos nenos e maiores xogando alí e as cousas deterioráanse, sen lugar a dúbida, pero o que teño dito en máis dunha ocasión, a veces si se pensan as cousas con sentido, no sentido, valga a redundancia, de que o uso que van a ter a veces gastar 10.000€ máis en facer as cousas con elementos e con materiais que duren máis no tempo pois nos aforrará facer novos proxectos



etc... Refírome a que, como se aprobou aquí fai pouco tempo, ter que volver a cambiar a cuberta do pavillón porque literalmente chove dentro, cando se puxo nova no ano 2016 di moito de como se fan as cousas por parte de todos en xeral e aquí meto tamén aos técnicos, loxicamente, non só aos políticos que tamén, por suposto. Por iso que é importante que cando se fan as cousas se pensen ben si ao mellor o material é o adecuado, etc... Por exemplo, si agora o que pretendemos é, como así vai ser, e xa digo que o noso voto vai ser a favor, de reforzar ese valado temos claros exemplos cerca, concretamente a pista de Parderrubias, que un valado ríxido ao final cos balonazos pasa o que pasa, aumenta o ruído, o deterioro é posible porque o impacto contra unha superficie ríxida, etc... estou falando sen ver o que se vai a instalar alí, seguramente o Sr. Concelleiro sabe máis e nolo pode explicar. Ao mellor colocando ese valado ríxido e a súa vez colocando unhas redes antes dese valado amortiguaría o impacto, polo tanto aumentaríamos a durabilidade dese valado e por suposto que diminuiríamos o ruído que fai o impacto das pelotas e balóns contra ese valado. Dito iso e apuntando esa cuestión para que se teña en conta, o noso voto vai ser a favor da mellora destas pistas deportivas que temos no lugar de Altamira do noso Concello.

Sra. Castiñeira Alén: Como ben di o punto, trátase de renovar e reforzar, froito precisamente do deterioro do paso do tempo e que fai que exista unha necesidade, precisamente pola importancia de uso que teñen esas instalacións e polas moitas persoas que pasan por ese espazo. Eu creo que toda mellora das instalacións existentes son importantes, dende logo o equipo de goberno teno claro e máis no eido deportivo, coa intensa demanda que hai, non temos terreos nin posibilidades de instalación novas, polo tanto haberá que coidar as que se xeraron ata do agora. Simplemente un apunte, Santi, e con actitude porque eu creo que hai que ser xustos e xustas e cando dis que non se pensan as cousas cando se fan os proxectos, eu creo que si se pensan, igual que se pensaron no seu momento cando se fixo o auditorio, o que pasa é que co paso dos anos, a realidade, as necesidades, cambian, se transforma o uso. A fortuna de que tiñamos unha poboación cunha media de idade de 38 anos que fai moito deporte e uns nenos e nenas que fan tamén moito deporte fan que as instalacións se deterioren. Hai que ser xustos, é certo que nos equivocamos moitas veces na elaboración dos proxectos tanto a parte técnica como a política, dubido moito que ninguén o faga a propósito, pero non creo que estea sendo demasiado xusto cando di que non se pensan as cousas, cando se fixeron esas pista e esas obras de mellora deportiva para o noso pobo. En definitiva, Movemento Salceda vai a apoiar, como non podía ser doutro xeito, esta renovación e reforzo son necesarios moitas obras de mantemento para coidar as instalacións que temos e que debemos manter.

Sr. González Coto: Non se trata dunhas obras de mantemento, é unha mellora da instalación, o que dis é sobre o tema de Parderrubias non é o mesmo, a valla que había perimetral da Devesa, que se aproveitou esa valla perimetral para deixarlle aos veciños de Parderrubias na pista e o que vamos a colocar aquí, qué é realmente un bastidor quen vai cunha maia electrosalda tipo hércules, que é un material de aceiro



esmaltado e con fixación, os postes verticais que realmente si que poida que produza algo de ruído pero non está no medio dos edificios e si que é unha necesidade, porque a través dos distintos deportes que practican alí nolo levan solicitado. Alí practícase tenis a nivel competir, si que se fan despois moitísimas máis actividades deportivas pero realmente o deterioro é na parte baixa por iso se substitúe por tres metros por un e sen embargo, séguese deixando a maia de tensión simple doutra maneira para que realmente non sexa, cando se golpea ao fútbol ou calquera cousa que sempre se suele escapar algo máis arriba que non siga facendo ruído aproveitase porque é realmente mellor e reforzar e dar solucións aos deportes que practican alí.

Sr. Rodríguez Davila: Nós non dixemos que era un mantemento, isto é unha mellora do existente polo tanto non é un mantemento. En canto ao que eu levo dito e unha vez máis o dixen hoxe aquí, o de pensar as cousas o digo en plan positivo e teño manifestado que todo o mundo se equivoca, e dixen fai uns minutos que tanto a parte técnica como a parte política pero por iso é importante que se dea unha pensada, no sentido de que é o que se vai a practicar alí, que uso vai a ter, porque non é moi sensato que en X anos teñamos que seguir mellorando as instalacións, moitas veces por mala execución ou decidir mal o material a utilizar. Claro que todos nos equivocamos e todos somos persoas, pero si nos dicimos iso é en aras de mellorar, non en aras de criticar, senón en aras de que se pense todo canto se vai a facer, igual que fixemos no punto anterior respecto dese camiño, porque o que hai que pensar é no futuro non a corto e medio prazo e aínda así todos nos equivocamos e todos metemos a pata algunha vez. Espero e confío en que sexa definitivo e dure moitos anos e que efectivamente, como dixen, que esa rixidez non provoque que no futuro polos impactos vexamos esas rexas desoldadas ou desunidas dos postes como ben dicías ti Rubén, o tempo o dirá e a solución será amortiguada con esa colocación de redes como hai en moitos sitios antes de ese valado e iso si que protexe a ese valado e si que permite a durabilidade de todo o peche perimetral das pistas deportivas, é tan simple e llanamente como colocar unhas redes detrás das porterías que é realmente onde ten o impacto maior.

Sr. González Coto: Ese cerre perimetral está feito no ano 2013, polo tanto levan dez anos de duración e si que é verdade que dentro deste proxecto non se pode levar os para balóns diante porque son doutras características, pero si que está pensado ao longo colocalas porque van defender un pouco.

Sra. Alcaldesa: As pistas polideportivas se fixeron na lexislatura do 2011-2015 cando a Concelleira de deportes era Marina Cabaleiro, se comezaron no 2013 e se remataron no 2014. Son unhas pistas polideportivas que se aprobaron naquela época, eu non entendo cando se di que non se pode estar mellorando as instalacións cada pouco tempo, por suposto hai que intentar facer as cousas o mellor posible, meter materiais duradeiros, pero entendo cando no seu día os técnicos decidiron, incluso creo que a separación entre pistas, tampouco pretendemos que unha rede vaia a durar décadas. Eu entendo que as melloras e o mantemento son necesarios, é verdade que as veces nos tocan unhas instalacións un pouco máis novas e as



melloras se poden facer con estes importes, mellorar, renovar, reforzar e outras veces temos obras que as collemos na etapa máis madura, como pode ser a piscina que leva 37 anos e que hai que melloral a cunha rehabilitación integral e a fondo. Eu creo que tamén temos que distinguir ese tipo de actuacións. Dito isto eu creo que é unha actuación moi necesaria que continúa ou dálle continuidade a ese cambio de peche que se fixo fai aproximadamente un ano, do peche que rodea o pavillón de deportes e que separa o pavillón co CEP Altamira. Nesa liña tamén xa está aprobada a modificación da cuberta do pavillón de deportes, e como ben dixo Rubén, tamén o tema da pista de pádel e do caucho para o parque de calistenia, que tamén se solicitou no Plan Concellos; seguimos coa segunda fase da piscina municipal e no seguinte punto trataremos a última parte. Eu creo que sendo realistas e por suposto que queda traballo por facer, pero estas obras son necesarias para seguir dándolle cabida a ese crecemento da poboación e a ese aumento de actividade tanto deportiva e cultural da que levamos falado neste pleno en varias ocasións. Eu creo que como dicía antes, hai que seguir mellorando nas instalacións, rehabilitándoas, manténdooas, facendo espazos que sexan polivalentes e quitándolle o máximo proveito ás instalacións existentes no municipio. Cando falamos de grandes obras, son proxectos de futuro nos que creo que temos que estar todos de acordo e temos que traballar todos para eles pero é importantísimo, ese é o meu criterio. É importantísimo manter o que temos, mellorar o que temos e sobre todo facer ese uso polivalente para darlle cabida a unha poboación que sigue en continuo crecemento e que creo que todos e todas os que estamos nesta Corporación desexamos que siga deste xeito. Este proxecto tamén se solicitou no Plan Concellos 2023, tamén se aprobou por Decreto e agora o traemos a ratificación. Paso a dar lectura do Decreto seguinte:

“

DECRETO

En data de 27 de novembro de 2021 publicáronse no BOP de Pontevedra as BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023. Estas bases e a convocatoria teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se concedan con cargo a este Plan de carácter bienal. As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nestas bases e terán que ser de competencia municipal.(BOPPO Núm. 23 sábado, 27 de novembro de 2021)

Os concellos poden libremente determinar a elección dos investimentos e actuacións subvencionables que desexen realizar, destinándose as axudas e subvencións ás seguintes liñas:

-Liña 1. Investimentos.

-Liña 2. Amortización, de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de



proxectos técnicos e contratos de consultaría, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos...

-Liña 3. Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais

Entre as actuacións que considera necesarias este Concello encadrables na LIÑA 1 están as seguintes:

- **PROXECTO DE OBRAS “RENOVACIÓN E REFORZO DO VALADO DAS PISTAS POLIDEPORTIVAS MUNICIPAIS EXTERIORES”**.
 - *Redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 19.01.2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a 22.986,13€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 3.989,33€ e o presuposto sen IVE a 18.996,80€.*

Visto o informe técnico núm. 2023-0021 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística, así como tamen visto o informe de Secretaría núm. 2023-0003 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos esixidos pola Lei e polo Real Decreto 1098/2001, de 21 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Visto que non cómpre ningunha achega municipal para desenvolver as actuacións incluídas na LIÑA 1.

De conformidade co anterior e no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMIEIRO. *Aprobar o proxecto de obras para “RENOVACIÓN E REFORZO DO VALADO DAS PISTAS POLIDEPORTIVAS MUNICIPAIS EXTERIORES” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 19.01.2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a 22.986,13€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 3.989,33€ e o presuposto sen IVE a 18.996,80€. Deberá levarse a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.*

SEGUNDO. *Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención de conformidade co disposto nas Bases Reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, para a execución do proxecto de obras de “RENOVACIÓN E REFORZO DO VALADO DAS PISTAS POLIDEPORTIVAS MUNICIPAIS EXTERIORES” cun orzamento de contrata a 22.986,13€ (IVE do 21 € incluído).*

TERCEIRO. *Respecto das actuacións sinalada na parte resolutiva deste Decreto,*



DECLARO:

- *Non solicitou ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.*
- *Comprometerme a comunicar inmediatamente cantas axudas se soliciten ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.*
- *Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- *Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.*
- *Comprometerse a cumprir coas obrigas de publicidade previstas no Anexo II das bases reguladoras.*
- *Que se acepta as bases da convocatoria, asumindo o compromiso de cumprir as condicións da subvención.*
- *Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.*
- *Que se compromete a realizar a actividade ou adoptar o compromiso que fundamenta a concesión da subvención, conforme o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

CUARTO: *Dar conta do presente Decreto ao Pleno nos termos establecidos lealmente.*“

VOTACIÓN: Sometida a votación a ratificación da **Resolución núm. 2023-0075 de aprobación de proxecto de obras para a renovación e reforzo do valado das pistas polideportivas municipais exteriores”** , esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE dos trece membros presentes na sesión.**

Expediente 288/2023. Ratificación da Resolución núm. 2023-0168 de aprobación de memoria técnica de melloras de instalacións técnicas das piscinas municipais fase III.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. González Coto: Terceira fase da renovación e mellora da piscina municipal, piscina municipal que todos sabemos porque neste dos últimos anos levamos invertidos case 300.000 € en cartos da Deputación de Pontevedra a través do Plan Concellos para a súa primeira fase que foi a renovación da praia e os vasos. Esta segunda fase que se está executando agora mesmo é para a renovación dos vestiarios. Con isto queremos conseguir, o que dicía antes a Alcaldesa, que é a renovación integral dunha instalación que era moi antiga. Esta terceira fase é a parte máis técnica e o que pretende é mellorar o funcionamento xeral da instalación buscando a máxima



eficacia da maquinaria reducindo gastos de mantemento e tamén mellora a hixiene. O cuarto de maquinaria está soterrado ao lado do vaso da piscina grande e presenta un dos maiores problemas que ten esa piscina, que ven sendo a evacuación dos pluviais e o vaciado da propia piscina que é moi complexo. Aí é onde vai ser o foco da actuación porque se vai a resolver cunha arqueta xusto na entrada das escaleiras de ese cuarto, cunha arqueta de bombeo e despois xa a nivel de terra, que está na segunda fase, vaise recoller todo nunha rede de recollida de pluviais e vaise a executar outra arqueta tamén e poder coller esas dúas cousas que se unan e que poidan saír pola liña, quedando o sistema que agora mesmo ten para situacións de emerxencia.

Outras actuacións importantes son a substitución do sistema de clorado por un xerador de ozono, mellorando así a calidade da auga porque ten menos toxicidade e non irrita os ollos nin pel nin nada. Tamén se van a instalar novas válvulas antirretorno e outras electro válvulas, revisaranse as válvulas e substituiranse os pernos que estean en mal estado pola oxidación, porque ao ser unha instalación do 1987 ten bastante deterioro, adecuación tamén de cables e tuberías, instálase un novo cadro de control e de mando, tamén un sistema de renovación de aire tamén é moi proveitoso porque non ten moita ventilación, tamén leva un equipo de protección contra incendios e levaranse a cabo tamén pequenas actuacións de melloras de acabados en esas zonas para que quede o máis rematado e acorde a como vai a quedar toda a instalación da piscina. O orzamento de contrata é de un total de 48.274,36€ IVE incluído, ascendendo o IVE a 8.378,19€ e o presuposto sen IVE a 39.896,17€ .

Sr. Rodríguez Davila: Pouco máis que engadir ao que acaba de describir o Concelleiro, que damos por feito que é quen mellor coñece o que se pretende facer alí e polo tanto logo desa infraestrutura que se fixo pola década dos oitenta, imaxino todo un luxo para un Concello con aquela poboación ter unha piscina municipal, pois como digo todas as melloras, unha reforma integral que se ten feito nos últimos anos co apoio unánime desta Corporación e que unha vez máis vai contar co noso voto favorable para que esa instalación quede actualizada aos anos nos que nos toca vivir e tamén intentar mellorar todo o entorno como así pretendíamos facer si somos goberno a partir de maio no entorno de esa piscina.

Sra. Castiñeira Alén: O proxecto está explicado, todos sabíamos que había tres fases de mellora na piscina, unha executada, outra en proceso e chega unha terceira que contará coa financiación do Plan Concellos 2023. Pouco que engadir ao xa aportado polo Concelleiro, infraestrutura xa creada fai moitos anos que se mantivo ata o presente con múltiples obras de mantemento e que sempre deu un servizo creemos que de calidade á veciñanza e que agora mellorará despois de esta inversión de máis de 300.000€. Vai contar co voto a favor de Movemento Salceda.

Sra. Alcaldesa: Eu simplemente rectificar un tema, si ben é certo que a primeira fase se fixo co Plan Concellos da Deputación a demais fíxose un cronograma de actuación



para que puidese ser utilizada a piscina municipal no verán pasado, fíxose ese cronograma primeira fase ao longo da primavera do 2022 para poder ser utilizada no verán. A segunda fase tamén foi do Plan Concellos, ao longo destes meses para poder ser utilizada neste verán e agora tráese a terceira fase, se ben teño que rectificar que non é dentro do Plan Concellos, estamos procurando financiación, se presentou dentro da subvención de infraestruturas da Xunta de Galicia e no caso de que non sexa concedida buscaremos outra financiación para rematar esta reforma integral da piscina municipal, efectivamente todo un luxo naquela época e sigo pensando que tamén todo un luxo nesta. É verdade que a temos que conservar creo que esas instalacións que deberíamos tratar con moito mimo, así o estamos facendo, o digo sobre todo pola cantidade de afluencia de persoas que ten ao longo do verán. Este verán pasado tamén ampliamos ese tempo de apertura que afortunadamente ademais nos acompañou a climatoloxía e se puido abrir durante máis tempo, con esa planificación para que se siga podendo abrir e espero que con esta última actuación consigamos poñerlle fin a unha rehabilitación que fai que haxa unhas instalacións municipais como son a piscina municipal, adaptada aos nosos tempos a os nosas necesidades sustentables, adaptada a persoas con mobilidade reducida que é moi importante que non sempre temos en conta e non poñemos o foco en esas cuestións, ademais nun espazo fantástico que é o parque da Gándara e toda a zona esa, vai ser un lugar moito máis aberto e sobre todo máis sustentable, máis adaptado e nas condicións óptimas da realidade na que vivimos. Dito isto, este proxecto tamén se somete a ratificación que para poder presentar esta subvención de infraestruturas non daba tempo a traelo ao pleno de hoxe e se ratifica como ven dixo o punto a resolución de Alcaldía número 168 que é o seguinte:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o proxecto de obras proxecto de obra denominado “Memoria técnica de melloras de instalacións técnicas das piscinas municipais fase III”, redactado polos arquitectos Rocío Bernárdez Fernández e Miguel Rodríguez Varela, de data 13.02.2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a 48.274,36€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.378,19€ e o presuposto sen IVE a 39.896,17€ e sendo necesaria a aprobación do mesmo.

Visto o informe técnico núm. 2023-0048 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2023-0006 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no



artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Memoria técnica de melloras de instalacións técnicas das piscinas municipais fase III”, redactado polos arquitectos Rocío Bernárdez Fernández e Miguel Rodríguez Varela, de data 13.02.2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a 48.274,36€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.378,19€ e o presuposto sen IVE a 39.896,17€.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

VOTACIÓN: Sometida a votación a ratificación da Resolución núm. 2023-0168 de aprobación de memoria técnica de melloras de instalacións técnicas das piscinas municipais fase III. , esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes na sesión.

Moción conxunta de todos os grupos municipais (Urxencia)

Sra. Alcadesa: Damos conta da moción presentada polos tres grupos Municipais do PSdoG-PSOE, Movemento Salceda e Partido Popular, que é a seguinte:

“De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Salceda de Caselas o Grupos Municipais do PSdeG-PSOE, Movemento Salceda e Partido Popular propoñen someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

NA QUE SE SOLICITA DA XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE EMERXENCIA DE INTERESE GALEGO E DO GOBERNO DE ESPAÑA A DECLARACIÓN DE ZONA AFECTADA GRAVEMENTE POR UNHA EMERXENCIA DE PROTECCIÓN CIVIL POLOS TEMPORAIS DO PASADO NADAL E, POR TANTO, A DISTRIBUCIÓN URXENTE DE AXUDAS AOS CONCELLOS, PERSOAS E EMPRESAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



Durante o pasado Nadal, e moi especialmente durante o Aninovo, unha sucesión de temporais varreu o territorio galego. A provincia de Pontevedra foi, segundo os datos dos servizos de Emerxencias de Galicia a máis afectada. Baste o dato de que case 200 das 400 incidencias rexistradas durante o 1 de xaneiro estiveron localizadas na nosa provincia. A situación tense agravado extraordinariamente ao longo deste mes de xaneiro co paso dos temporais Gerard e Fien.

Os danos foron cuantiosos en varios concellos situados especialmente no sur da provincia. Os estragos afectaron a estradas, equipamentos municipais e vivencias da veciñanza, así como instalacións de empresas. Os danos para os concellos, entre eles Salceda de Caselas, foron cuantiosos e van supoñer graves consecuencias para as nosas economías municipais.

A Xunta de Galicia mantívose á marxe desta situación e polo momento non realizou movemento algún nin adoptou ningunha decisión que solucionara esta situación tan grave.

A Alcaldesa de Salceda remitiu un escrito a Dirección Xeral de Emerxencias para solicitar á Xunta de Galicia que declarara ao conxunto de concellos afectados como zona de Emerxencia de Interese Galega coa máxima urxencia.

No mesmo escrito se solicitaba que a Xunta de Galicia emitira informe sobre os danos producidos e instara ao Goberno do Estado á aprobación da declaración para os concellos afectados de Zona Afectada Gravemente por unha Emerxencia de Protección Civil.

Por último remitiuse igualmente á Xunta de Galicia un informe cos danos estimados realizado polo persoal do concello de Salceda de Caselas. Informe, que tamén se remitiu ao Goberno de España, na solicitude de axudas para os danos ocasionados, ao abeiro do Real Decreto 307/2005, de 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica.

A pesar de adoitar todas estas medidas e realizar estas peticións a Xunta de Galicia non adoptou ningunha medida de apoio das solicitadas.

Non cabe dudar de que a Xunta ten competencias directas e exclusivas nesta materia. A propia Lei de Emerxencias de Galicia establece no seu artigo 36 que o Consello da Xunta declarará a Emerxencia de Interese Galega en situacións de graves danos. Esta declaración habilita, ademais, para as modificacións orzamentarias necesarias. O artigo 38 engade que o Consello da Xunta aprobará o Decreto polo que se regularán os criterios



para o reparto das subvencións. Finalmente, cómpre ter en conta que as Entidades Locais ternos recoñecida expresamente na Lei de Emerxencias de Galicia a facultade de solicitar a declaración de Emerxencia de Interese Galega (artigo 27), polo que procede a aprobación desta moción.

O Concello de Salceda de Caselas, a súa veciñanza e as súas empresas afectadas non podemos seguir agardando máis por unha Xunta que se resiste a exercer as súas competencias. Esiximos que unha eventual distribución de axudas, se a Xunta accede finalmente a declarar a Emerxencia Galega, se faga con máis transparencia e obxectividade do que se fixo durante as dúas anteriores emerxencias galegas declaradas durante o 2016, a causa da vaga de lumes, e no 2021, a causa da pandemia.

No primeiro caso as axudas para os concellos e particulares foron escasas e opacas. No segundo, inexistentes para o caso dos concellos, que quedaron desamparados na loita contra a covid19.

Por outra banda, o Goberno do Estado, a instancia da Xunta de Galicia e a emisión do seu preceptivo informe xustificativo de danos nas zonas afectadas, debe tamén valorar se se dan os criterios fixados no artigo 23 da Leido Sistema de Protección Civil para a aprobación da Declaración de Zona Afectada Especialmente por unha Emerxencia de Protección Civil e distribuír, deste xeito, axudas estatais de forma complementaria ás da comunidade autónoma, tal e como regula a lexislación estatal para os casos de paralización de servizos públicos.

Diante desta situación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, ACORDA:

- 1. Solicitará Presidencia da Xunta de Galicia que, de acordo co previsto no artigo 27.2C) da Lei de Emerxencias de Galicia, aprobe, coa máxima urxencia, a declaración da Emerxencia de Interese Galega nos concellos afectados polos temporais do pasado Nadal e deste mes de xaneiro e que aprobe tamén o Decreto que determine os criterios obxectivos para o reparto das axudas autonómicas a concellos, cidadanía e empresas.*
- 2. Reclamar da Presidencia da Xunta que emita informe sobre os danos rexistrados nas catro provincias galegas e inste ao Goberno do Estado á aprobación da declaración de Zona Afectada Gravemente por unha Emerxencia de Protección Civil, de acordo co artigo 23.1da Lei estatal do Sistema de Protección Civil.*
- 3. Instar a Deputación de Pontevedra a aprobar un Plan Complementario de axudas, unha vez que a Xunta, no ámbito das súas competencias exclusivas, teña aprobado a declaración de Emerxencia de Interese Galego e o Decreto correspondente."*



Sra. Alcaldesa: Aínda que estaba acordado dende a Comisión é verdade que non ben no punto da orde do día co cal cumpre someter a votación a urxencia.

VOTACIÓN: Sometida a votación a urxencia da moción esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, pasando polo tanto a tratar dita moción.

Sra. Alcaldesa: En primeiro lugar, quero agradecer a todos os grupos políticos que apoiaran esta moción que se traíe por unanimidade a este pleno, iso di moito do que sempre digo, creo que hai que chegar a acordos e moito máis en situación de emerxencia como foi o caso que vivimos tanto na noite de noiteboa pero sobre todo o 1 de xaneiro. Quero tamén agradecer sobre todo a labor de empregados e empregadas públicas que atenderon as emerxencias, especialmente a Protección Civil que atendeu ese día, tanto noiteboa pero sobre todo o 1 de xaneiro, un montón de emerxencias, a empresas, á Policía Local e por suposto á veciñanza, sobre todo porque a veciñanza estivo axudando uns a outros nunha noite como noiteboa cando todo o mundo está gozando da familia, nunha situación destas uníronse todos e todas e iso como Alcaldesa teño que agradecerlo e ademais creo que é un tema para ter orgullo da nosa veciñanza. Tamén ao departamento de urbanismo, é verdade que a veces non temos en conta toda a labor que fan porque os papeis non se miran, só se mira o que está fora, nunha situación de emerxencia como esta e cos recursos que ten o Concello de Salceda e os coñecementos que nunha situación de emerxencia temos todos é hai que ir abrindo liñas de axuda, e hai que ir intentando recopilar toda a información, facendo informes para poder solicitar todo tipo de axudas, nesas situacións se valora moitísimo máis o traballo que moitas veces parece oculto pero expedientes como estes, que teñen un montón de documentación e nunha situación así de emerxencia e cun mes que tiñamos de prazo para facer a solicitude de subvencións a través do Decreto do Goberno de España, mostrar agradecemento.

Os danos que se valoraron en Salceda ascenden a 317.231€ máis IVE, ademais aí faltam por valorar definitivamente as sendas dos humedais, que por as súas características non se podía ter acceso a todas nin ver cal era a necesidade exacta, co cal, co IVE creo que andamos arredor do 450.000€ sen contar os danos ocasionados en empresas, sobre todo na zona industrial do Cerquido ou en vivendas, ou en distintos obxectos ou terreos e demais na veciñanza. En resumo, eu creo que dende o minuto un se traballou unido para intentar darlle solución a esas demandas máis urxentes, a esas necesidades de atallar unha situación de emerxencia. Nun segundo momento se tratou de levar a cabo todo aquilo que era necesario para restablecer tamén toda a normalidade, se fixo este traballo de campo que a verdade costou moito pola situación na que se estaba vivindo e facendo. Creo que é xusto para o Concello de Salceda de Caselas, igual que teñen feito outros Concellos, solicitar as axudas a outras administración que teñan orzamento maior, que teñan capacidade para modificar os seus orzamentos en situacións de emerxencia de poder axudar aos Concellos, neste caso da provincia, no noso concretamente pero na maioría dos



Concellos da provincia que foron afectados, e sobre todo, agradecer que sexa de xeito conxunto e sobre todo que chegue a bo fin e que todas as administracións se unan, eu creo que nun pleno da Deputación xa se uniron todos os Grupos políticos para aprobar unha moción con estes tres puntos.

Sr. Rodríguez Davila: Dende o noso Grupo queremos unha vez máis agradecer a implicación, o traballo e profesionalidade de todos os empregados deste Concello así como tamén aos membros da Policía Local e aos membros de Protección Civil, tamén loxicamente mandarlle unha mensaxe aos afectados de solidariedade e sobre todo de ánimos aínda que xa o fixemos naqueles días e aínda así estamos seguros que moitos dos afectados que no recuperaron a normalidade nos seus fogares, nas súas empresas, que tamén se viron afectadas ou tamén no seu día a día, polo tanto vaia por diante a mensaxe que é de todos nós de que entre todos teñamos que sumar para conseguir que entre todos, como digo, cos recursos de todos poder resarcir de algunha maneira os danos ocasionados. Dito isto dicir tamén que dende que a Sra. Alcadesa nos propuxo traer a pleno esta moción conxunta, que se nos dixo naquel momento que era a mesma que se debateu e se aprobou na Corporación Provincial por unanimidade, é certo que non é a mesma pero o importante aquí non é entrar en cuestións de diverxencia, porque non é a mesma senón o feito en si o que se acorda e o fin desta moción, que non é outra cousa que intentar buscar axudas e aportacións de outras administracións para conseguir que a través do Concello ou directamente a través doutras administracións se poida, como digo, colaborar e axudar aos afectados. Tampouco vamos a ser nós aquí hoxe quen entre en debates xurídicos que pouco lle importan aos cidadáns e aos afectados, concretamente en canto ao que significa a declaración de nivel de emerxencia galego ou o que significa a declaración de zona gravemente afectada por causas de unha emerxencia de Protección Civil. Como digo, non vamos a entrar niso, nin vamos a discutir sobre o mesmo, nin tampouco na exposición de motivos desta moción, aquí o que vamos a estar de acordo todos é en votar a favor destes tres puntos que non é outra cousa que solicitar tanto a Xunta, como a Deputación de que colaboren e axuden aos afectados, neste caso, aos afectados do noso Concello de Salceda, polo tanto, o noso Grupo se suma ao apoio a estas peticións independentemente da exposición de motivos ou de que significa unha cousa ou outra ou de quen é a competencia, como digo o importante e que aos veciños o que lle importa é que cheguen as axudas das administracións e non lle importan os debates xurídicos interpretativos de competencias ou o que di ou deixa de dicir unha exposición de motivos dunha moción.

Sra. Castiñeira Alén: Semanas realmente complexas as que vivimos cos temporais pero tamén as que seguiron o 31 e o 1 de xaneiro, moitísimo traballo, traballo arreo na primeira fase de desentullo e de limpeza conseguíuse un bo resultado, case a práctica totalidade das incidencias se viron localizadas, incluso aquelas con consecuencias maiores como por exemplo o caso do desbordamento do Ameixoa. Foron longos eses días, traballamos man a man coa veciñanza, a verdade eu estou agradecidísima da enorme implicación pero tamén da comprensión porque había



momentos que era imposible chegar a todos os sitios e a presión era alta, pero eu creo que a cidadanía estivo altura e soubo colaborar e soubo comprender tamén as empresas que habitualmente traballan con nós estiveron a altura, puxéronse a disposición da veciñanza, do Concello, incluso a altas horas da madrugada estiveron cos veciños as empresas deste pobo que non fallaron e aí estiveron. Non quero esquecer ao persoal de vías e obras que estaban en período vacacional e cando foi preciso chamalos todos se presentaron e por suposto nestas e en múltiples actuacións a Protección Civil e a Policía Local, unha xente que traballa arreo, que moitísima xente non sabe que traballa gratis e que teñen coidado moito de Salceda e de todos e todas nós o meu agradecemento e creo que o fago extensivo de toda a Corporación.

Dito isto, Movemento Salceda, como non podía ser doutro xeito, vai a aprobar esta moción, trátase de abrir todas as vías posibles de axuda e se esta vía que é de declaración de emerxencia de interese Galego cumpre os requisitos legais eu non o teño estudiado, si iso é así imaxino que o persoal técnico si, pois adiante. Realmente creo, na miña humilde opinión, que sería bastante máis sinxelo e efectivo que as diferentes administracións se sentasen e dialogasen e buscasen liñas de axudas directa, porque moito me temo que isto vai ser motivo de liorta política e que si chegan as axudas, si chegan sumado a burocracia vai ser tarde, ogallá me equivoque. En definitiva, Movemento Salceda vai apoiar esta moción porque a veciñanza sufriu, tivo perdas, o Concello que tamén é a veciñanza tivo que facer múltiples reparacións, horas, inversións e o que queda por diante en segundas e terceiras fases de reconstrución que van a supor un tremendo impacto para a veciñanza e tampouco quero esquecerme das empresas, polo tanto adiante con esta moción.

Sra. Alcaldesa: Aclarar que na Comisión eu dixen que os tres puntos eran os mesmos que os aprobados na Deputación ,o argumentario era adaptado ao Concello e de feito eu remitivos a moción ese mesmo venres para que todo o mundo puidera tela, opinar e avisar, foi un mal entendido pero eu o que dixen foi iso, non obstante o que me corresponde e o que creo firmemente, que esta unión para aprobar unha moción deste tipo é un reflexo de que se poden chegar a acordos en situacións de emerxencia e espero que non só en situacións de emerxencia, creo que é o que debemos facer. Non volvemos á normalidade nin nós, nin o Concello coas instalacións municipais, nin cos vieiros públicos, etc... nin a veciñanza coas súas perdas e cos seus danos que tivo eses días ,nin sequera as empresas que aínda que retomaron a súa actividade teñen moitas cousas que poñer ao día. É verdade que queda moito aínda que facer, moitas desas actuacións, unha delas son as sendas, que son unhas das que os danos que máis impacto económico vai a ter, que máis traballo vai a supor, hai que esperar a unha tempada de case de verán para que os caudais estean baixos e poidamos actuar sen dificultade e facelo mellor. Reitero ese agradecemento a todas as persoas e colectivos que botaron unha man, especialmente a todos e todas empregadas do Concello e a Protección Civil e á Policía Local e sobre todo esa paciencia que seguen tendo, porque aínda hai cousas que están sen reparar que se tardará tempo a que volvan a normalidade e iso tamén



é de agradecer esa paciencia.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte acordo:

1. Solicitará Presidencia da Xunta de Galicia que, de acordo co previsto no artigo 27.2C) da Lei de Emerxencias de Galicia, aprrobe, coa máxima urxencia, a declaración da Emerxencia de Interese Galega nos concellos afectados polos temporais do pasado Nadal e deste mes de xaneiro e que aprrobe tamén o Decreto que determine os criterios obxectivos para o reparto das axudas autonómicas a concellos, cidadanía e empresas.
2. Reclamar da Presidencia da Xunta que emita informe sobre os danos rexistrados nas catro provincias galegas e inste ao Goberno do Estado á aprobación da declaración de Zona Afectada Gravemente por unha Emerxencia de Protección Civil, de acordo co artigo 23.1da Lei estatal do Sistema de Protección Civil.
3. Instar a Deputación de Pontevedra a aprobar un Plan Complementario de axudas, unha vez que a Xunta, no ámbito das súas competencias exclusivas, teña aprobado a declaración de Emerxencia de Interese Galego e o Decreto correspondente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm. 2022-1545 de 19 de decembro ata o núm. 2023-0178 de 15 de febreiro.

Queda dada conta dos decretos ditados dende o núm. 2022-1545 de 19 de decembro ata o núm. 2023-0178 de 15 de febreiro.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS:

Sra. Valcárcel Bernárdez: Sobre o estado da senda que pasa por Entenza, pero non da senda en si, sobre todo sobre os Pontes de madeira, que supoño que serán



coñecedores do mal estado que están. Quería facer o rogo de que se arranxen e se reparen esas pontes porque non só é facer as sendas senón que hai que mantelas.

Sra. Alcaldesa: Se parou todo tipo de mantemento despois das choivas, hai que facer unha actuación moi grande en todas elas. Iremos comezando pouco a pouco cando baixen un pouco os caudais e o tempo o permita e aquelas que poidamos ir xa solucionando o empezaremos a facer que pode ser esa cuestión das pontes, que podemos comezar xa a facelas.

PREGUNTAS:

Sr. Rodríguez Davila: Quen paga o muro que se executou estes días no lugar de A Revolta, si o Concello lle parece que foi exemplar a actuación, si o veciño ten licencia, si permiten facer estes muros sen os retranqueos e si consideran que esa actuación está ben executada? E logo quen é o responsable, si a Sra. Dolores Castiñeira como Concelleira de Vías e Obras que foi a obra e sacouse a foto nese lugar ou Sra. Alcaldesa que permite facer esa obra sen os retranqueos pertinentes?

Sra. Castiñeira Alén: Visitei esa obra en varias ocasións para planificar as necesidades que había coa veciñanza, para facer diferentes ramais de saneamento nese espazo de A Revolta, pasei por alí multitudes de veces e a última foi para ver comprobar a execución deses muros dos que falas que asumen os propietarios, a terra se estaba caendo nunha obra que se fai facer de asfaltado e os muro foron asumidos pola propiedade.

Sr. Rodríguez Davila: Son muros de nova execución, si o Concello non é quen os fai e é o propietario ou veciños creo que terán que cumprir coma os demais que se lle pide o retranqueo , etc...si vostedes permiten iso, porqué a un si e a outros no?

Sra. Castiñeira Alén: A quen se lles permitiu e a quen no? Estamos executando unha obra de asfaltado, na propia obra se poden realizar melloras nos peches e demais sen necesidade de licencia, obras executadas por diferentes administracións, Xunta, Deputación e Concello, iso é así, non o digo, eu llo pode dicir calquera técnico. Hai pouco se executou un no portal da silva un peche no que non se necesitou licencia porque se estaba executando unha obra.

Sr. Rodríguez Davila: Está de acordo o Grupo de Movemento Salceda co que está facendo a Sra. Alcaldesa respecto do Plan Xeral, como se dixo no día de hoxe, vai a apoiar como se está tramitando eses traballos do Plan Xeral?

Sra. Castiñeira Alén: Como portavoz de Movemento Salceda, é curioso que me faga esa pregunta do traballo que fai a Alcaldesa como se fose exclusivo de Alcaldía. Nós somos un equipo, traballamos, consensuamos os proxectos e evidentemente si participamos no goberno estaremos de acordo, non? Na cartografía e na planimetría, si, é tan sinxelo como que son documentos obrigatorios para reiniciar ese Plan Xeral



e volvelo traer a sesión plenaria.

Sr. Núñez Troncoso: Onte saíu na prensa que o Concello vai solicitar un préstamo de 2.200.000€ para pagar facturas que hai pendentes, quería que nos aclarara como vai ser a tramitación deste préstamo dado que para solicitar este préstamo se esixe un plan de axuste, que partidas se van recortar? Ou si é que se van a incrementar impostos, porqué ese importe e non outro? E dende cando o Ministerio de Facenda sabe que se vai a solicitar ese importe, os 2.200.000€?

Sra. Pereira González: Nós tamén limos onte a prensa na que puña non que se ía a solicitar, senón a prensa puña que xa estaba solicitado e evidentemente como comprenderán esa decisión pasará por este pleno e tamén o plan de axuste que conleve. A prensa lee as publicacións do boletín ou as notas de prensa do Ministerio e elabora as súas noticias, o que sae na prensa non sempre é verdade absoluta.

Hai días que tiñamos certa información de que isto ía ser así, se nos fixo unha comunicación por parte da FEMP de que ía haber un plan de pago a provedores para uns Concellos de carácter obrigatorio e para outros de carácter voluntario, sen dicir cales eran uns e outros Concellos e no Boletín Oficial do Estado do sábado se publicou como vai a ser. Hoxe recibimos comunicación oficial por primeira vez de que estamos entre os Concellos que poden solicitar ese plan de pago a provedores de maneira voluntaria, levamos entre onte e hoxe o equipo de intervención e de tesourería tratando de recabar a máxima información posible, porque a publicación do Boletín non é moi extensa nin da moita información e hai varias instrucións que están saíndo nestes días. O prazo para solicitalo comeza o próximo luns para os que temos carácter voluntario, os procedementos son totalmente diferentes, os que teñen carácter voluntario dos que teñen carácter obrigatorio, o prazo comeza o próximo luns e a falta de estudialo, entendo que nos debemos acoller porque vai solucionar en boa parte esta situación económica que vimos arrastrando. E todo caso, tanto a solicitude coma o plan de axuste parello terán que pasar por pleno polo que supoño que nos próximos días teredes noticias. Creo que hai só dez días para mostrar a solicitude, a falta de perfilar toda a documentación, non sei con exactitude que facturas se van poder incluír. En canto teñamos toda a información a decisión evidentemente será compartida con este pleno. En canto a cifra, é unha cifra que tiveron en conta do informe trimestral do terceiro trimestre, non é unha cifra que nos elixiramos senón que son cifra que colleron do terceiro trimestre.

Sr. Núñez Troncoso: Entendín que nos próximos días traerán vostedes ese plan de axuste aquí ao pleno.

Sra. Alcaldesa: Lucía aclarou ben que era voluntario no caso do Concello de Salceda, non é unha obriga coma no caso doutros concellos que si o estiman que teñen que ir si ou si a ese plan de axuste, no noso caso é voluntario e o que comentaba a compañeira recibíuse hoxe a comunicación oficial e hai que ser prudentes, estudar esa documentación e mirar can el á vía



Sr. Núñez Troncoso: o que é evidente e que os 2.200.000€ están aí pendentes de pagar.

Respecto á elaboración, maquetación e deseño do texto “Sobredo 1922” que costou a elaboración, maquetación e deseño, falta agora a impresión, 3200€, cantos textos se editaron? Que importe costou esa edición e porqué se entregaron aos veciños eses textos no despacho de Loli Castiñeira?

Sr. Rodríguez Canosa: Non sei esa información de que porque se repartiron na oficina de Loli Castiñeira, igual alguén lle pediu un libro a Loli Castiñeira e ela llo entregou no seu despacho, ao igual que se entregaron na Concelleira de Cultura, igual que se entregaron na Alcaldía, igual que se entregaron na Biblioteca municipal. Editouse un texto só, hai unha factura, que si non recordo mal é de 2800€. Encargouse a edición dun texto a Xosé Ramón Paz Antón, fixéronse mil exemplares, non recordo ben canto costou pero creo que andivo sobre 3-4 mil.

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

